



Concello de Guitiriz

BASES PARA PARTICIPAR NO MERCADIÑO DE TROCO DE LIBROS DE NADAL

1. O mercadiño celebrarase o xoves 28 e venres 29 de decembro na praza, no espazo reservadopara ese fin. O horario do intercambio será de 17:00 a 19:00.
2. Poderás intercambiar tódolos libros que desexes ata un máximo de 10. Para traelos o horario será de 11:00 a 14:00 dese mesmo día e así poder rexistralos, etiquetalos e recoller os datos persoais das persoas participantes.
3. Por cada libro que traías recibirás un tícket que che dará dereito a coller calquera libro que che interese do mercadiño (por exemplo: 5 libros = 5 tíkets)
4. Tódalas persoas que participen deberán pasarse pola caseta ás 19:00 horas para recoller todos aqueles libros que lles pertenzan e non foran collidos por ninguén.
5. Haberá diferentes categorías:
 - a. Infantil e Xuvenil
 - b. Divulgación
 - c. Cómicos
 - d. Ficción
6. Os libros que se entreguen deberán estar en bo estado. Non poderán estar despegados nin con follas rachadas.
7. O Concello non se fai responsable de calquera desperfecto ou defecto que os libros poidan ter. Simplemente actúa como mero organizador e facilitador do intercambio.